

A Sanidade, máis preto

O 50% dos adolescentes iniciase no consumo de alcohol aos 16,7 anos, a única sustancia que aparece antes é o tabaco, segundo os expertos

A prevención, cuestión clave

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Alcohol e adolescencia é unha moi mala combinación. Ademais dos seus negativos efectos na saúde, o consumo de alcohol pode derivar noutro tipo de problemas: riñas ou agresións, accidentes de tráfico ou dificultades nos estudos. “Os xoves son pouco conscientes de calquera consecuencia negativa e esa é unha mensaxe ás veces difícil de entender pola nosa sociedade, xa que se trata dun tema de desenvolvemento cerebral. O cerebro humano non está completamente desenvolvido de media ata os 25-30 anos e ese desenvolvemento implica, precisamente, a capacidade de planificación. Se un non a ten, pois conta cunha certa sensación de ausencia de risco e invulnerabilidade, propia da adolescencia en maior ou menor medida claro, porque cada persoa é diferente, pero como grupo o risco é maior”, asegura o responsable da Unidade de Condutas Aditivas de Ourense, o doutor Gerardo Flórez Menéndez.

O patrón de consumo de alcohol dos mozos ourensáns é bastante similar aos do resto de Galicia e acostuma ser “un consumo non tan diario e máis concentrado en momentos de ocio, onde se toman grandes cantidades de todo tipo de alcohol e iso tamén se asemella bastante á tónica nacional. ¿que sucede?”, puntualiza o doutor Flórez Menéndez, “que igual que nalgúns sitios ou cidades máis grandes iso tende a concentrarse nalgúns puntos, no caso da provincia pode ser algo máis disperso ou pouco concentrado, pero o patrón de consumo é moi similar, basicamente, porque a accesibilidade tamén o é. E o alcohol é bastante accesible, segue sendo un produto barato e aínda que a lei prohibe a súa

venda a menores, polas circunstancias que sexa, é unha realidade que os menores de idade beben alcohol”.

En canto a Galicia as enquisas que publica o Observatorio Español sobre Drogas amosan que a comunidade está na media estatal. Así no informe publicado por esta institución no 2011 revélase que as comunidades cunha proporción de bebedores (de 14 a 18 anos) significativamente superior á estatal foron Castela e León, A Rioxa, Aragón, Asturias, Navarra, Cantabria e Castela A Mancha, mentres que as que presentan unha proporción inferior son Ceuta, Melilla, Canarias, Murcia e Madrid.

As estatísticas tamén din a que idade na que os rapaces se inician no alcohol “permanece bastante constante. Un 50% empezaron antes dos 16,7 nos e o 50% restante despois, só o tabaco aparece antes, con 16,5 anos. É dicir, o tabaco e o alcohol serían as sustancias de inicio en canto ao consumo de drogas, despois viría o can-

No CHUO nos últimos tres anos houbo 12 ingresos por urxencia de adolescentes con intoxicación por alcohol. Tiñan idades entre os 12 e 15 anos

nabis, con 18,7 anos”, continúa o doutor Flórez Menéndez.

No caso dos adolescentes, a principal cuestión está “na forma de entrar en contacto coa sustancia e nun consumo máis masivo, primeiro, por descoñecer o manexo en si da propia sustancia e os efectos da intoxicación e, en segundo lugar, por ter un cerebro menos maduro e máis impulsivo”, engade o responsable da Unidade de Condutas Aditivas de Ourense. E a isto súmase o feito de que o consumo de alcohol “aumenta o risco de pasar a outras sustancias, como son as psicoactivas”.

O tipo de bebidas alcohólicas que



O doutor José María Iglesias Meleiro, pediatra da UCI Pediátrica do Complejo Hospitalario Universitario Ourense (CHUO).

consumen os adolescentes galegos vai unida ao seu poder adquisitivo, “digamos que hai interese nas de máis graduación para acadar un efecto intoxicador máis rápido, pero se non hai dispoñibilidade económica, pois será algo máis barato. O obxectivo

nunha persoa adulta é experimentar os efectos leves da intoxicación, mentres que o dun xove é experimentar os efectos intensos desa intoxicación e iso quere facer rapidamente”, comenta o doutor Flórez Menéndez.

Cando un xove bebe alcohol os efectos no seu organismo dependen da súa idade, peso, sexo, cantidade e rapidez da inxesta, así como do feito de que o tome simultaneamente con alimentos. Os patróns de consumo indican que se bebe máis fóra das comidas e, sobre todo, en festas e fins de semana e que non hai diferenza entre sexos. E, segundo aumenta o nivel de alcohol en sangue os efectos que produce na persoa van agravándose. Así, segundo un traballo realizado polo servizo de Urxencias do CHUO, con menos de 0,5 g/l xera euforia, diminución de reflexos e sobrevaloración de facultades. De 0,5-1 g/l desinhibición, dificultade para falar e coordinar movementos, mentres que entre 1-1,5 g/l produce perda de control de facultades superiores e embriaguez. Se a cantidade vai de 1,5 a 2 g/l dá lugar a descoordinación na fala e marcha, así como a visión dobre. Entre 2-3 g/l produce apatía e somnolencia, entre 3-4 g/l chégase ao coma e entre 4-5 g/l pode producir a morte por parálise nos centros respiratorios.

Cando un menor entra en urxencias con depresión de conciencia por unha intoxicación alcohólica os médicos valoran, en primeiro lugar, o grao de intoxicación, ven se existen trauma-

A Sanidade, máis preto



Imaxe da UCI Pediátrica do Complejo Hospitalario Universitario de Ourense.

Aínda así, o doutor Flórez Menéndez advirte dos perigos dun inicio temperán no alcohol. “Canto máis precoz é o consumo a nivel poboacional, máis alto é o risco de desenvolver abuso ou dependencia, que xa sería un problema importante. Tamén está o tema que antes comentabamos do desenvolvemento do cerebro. O resto de problemas aparecerían xa máis tardiamente e requirirían dun consumo sostido máis alá da adolescencia, durante anos”.

Por iso, o responsable da Unidade de Condutas Aditivas de Ourense aconsella ás familias que cando detecten unha situación deste tipo, “non o ignoren, pero sen entrar en dramatismo, que observen o máis de preto posible a conduta do seu fillo e cómo pode afectar iso a outras facetas da súa vida como poden ser as relacións de amizade, o rendemento escolar... e se todas esas cuestións estiveran empe-

EFFECTOS DO ALCOHOL SEGUNDO AUMENTA O GRAO DE INTOXICACIÓN

- < 0,5 g/l: Euforia, diminución de reflexos, sobrevaloración de facultades.
- 0,5-1 g/l: Desinhibición, dificultade para falar e coordinar movementos.
- 1-1,5 g/l: perda de control de facultades superiores, embriaguez.
- 1,5-2 g/l: Descoordinación fala e marcha, visión dobre.
- 2-3 g/l: Apatía e somnolencia.
- 3-4 g/l: Coma.
- 4-5 g/l: Morte por parálise centros respiratorios.

Fonte: Estudio sobre intoxicacións etílicas en adolescentes. Servizo de Urxencias, CHUO.

orando e aparecen estes problemas de consumo, a miña recomendación sería que buscasen axuda profesional”.

A clave está na prevención e en intentar retrasar “como sexa a idade de inicio no consumo como obxectivo medible. En xeral, o retraso na idade de inicio retrasa o inicio dos consumos masivos. O problema é que a prevención é algo sempre complicado de facer e as campañas de prevención ben realizadas son caras”, indica o doutor Flórez Menéndez, quen ademais sinala que a finais da década dos 90 rexistrouse unha “certa redución no consumo, pero a partir de entón permaneceu bastante estable, ou sexa que aí houbo un momento favorable”.

Asemade cre que os servizos sanitarios deben “participar á hora de detectar a aquelas persoas cun problema de abuso, sobre todo en xente xove, ou daquelas outras que van camiño da dependencia para que, unha vez detectadas, se lles poda ofrecer un tratamento o antes posible”.



O doutor Gerardo Flórez Menéndez, responsable da Unidade de Condutas Aditivas de Ourense.

que o fagas, co cal non controlan o que beben. En situacións de consumo puntual, quizais a consecuencia máis grave do alcohol, e que pode ser causa de mortalidade, é ter un traumatismo grave por un accidente. Pero aquí non é habitual ver eses casos”.

danse, sobre todo, cando hai festas en Ourense ou zonas próximas ou no Carnaval. Case sempre se trata dun preadolescente ou un adolescente cunha intoxicación por alcohol que soe ter unha depresión a nivel de conciencia importante, pero non é unha intoxicación excesivamente grave. Ademais é só por alcohol, non presentan outras sustancias. Soe ser porque estaban nunha festa e lles deron de beber e o alcohol absórbesse moi rá-

“Hai que intentar retrasar como sexa a idade de inicio no consumo de alcohol. Iso retrasa o inicio nos consumos masivos”, di o doutor Flórez

pidos asociados e se hai intoxicación por outro tipo de sustancias. “O que facemos é ingresalos e monitorizalos, poñerlles soro para apórtarlles azucre e líquidos e mantelos quentes. Ademais fáiéelles unha análise de sangue normal e unha determinación de tóxicos en orina para descartar que teñan tomado outra cousa a parte de alcohol. E, se sospeitamos que poden ter algún golpe, realizámoslle algunha proba de imaxe. No caso do CHUO, témoslos en coidados intensivos para vixiar que estean ben pronto, que normalmente acostuma ser nun prazo máximo dunhas 3 ou 4 horas, que é o tempo que vén tardando o alcohol en dar un grao de normalidade. Aspiramos, por se teñen algún vómito, víxiamos que recuperen pronto o nivel de conciencia e que non presenten o azucre baixo, que é unha combinación relativamente frecuente, e que non teñan hipotermia”, explica o doutor José María Iglesias Meleiro, que traballa na UCI de Pediatría do CHUO.

Sen embargo, no centro hospitalario ourensán non se rexistran demasiados ingresos de adolescentes por esta causa. No que vai de 2013 foron un total de catro (dous rapaces e dúas rapazas), no 2012 houbo dous e no 2011 seis. Tiñan idades comprendidas entre os 12 anos (cun só caso) e os 15 anos e ningún deles repetiu o ingreso por esta causa. “Neste ano tivemos un ingreso deste tipo cada tres meses. E

Tómanse todo de golpe e en 30 ou 60 minutos teñen un máximo de alcohol en sangue”, continúa o doutor Iglesias Meleiro.

Este pediatra tamén asegura que os casos de menores que vén nas urxencias son “intoxicacións puntuais que non se acostuman repetir. Nós non chegamos a ver as consecuencias dese consumo se despois se convirte en algo habitual. Os adolescentes entran en contacto co alcohol dunha forma brusca, dun día para outro, é algo descoñecido para eles, están en grupo e beben do que os demais. E os efectos dependen moito do que bebas, da túa masa corporal e peso e da rapidez coa